



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2025

ASISTENTES

ALCALDESA

Ana Mª López Fernández

**CONCELLEIROS/AS
GRUPO P.P**

Alberto Balado Ramonde
Andrés M. Balado Noal

GRUPO PSGA-PSOE

Jonathan I. Miranda Lucas
Mª José Fraguela López
Carlos Pernas Fraguela

GRUPO BNG:

Carlos Castro Durán
Pablo Fraguela Casás
Nuria Oliveira Álvarez

AUSENTES

Miguel A. Pérez Fraguela
Míriam Rodríguez Fernández

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA:

Ausente

ORDE DO DIA:

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:
04/11/2025.**



2º.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 363/2025, DE 22/09/2025 AO 467/2025, DE 24/11/2025.

3º.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO REMITIDO POLO PARTIDO POPULAR COMUNICANDO PORTAVOCES (EXPDTE 2023/X999/000032)

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓNS NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE, XUNTA DE GOBERNO E DELEGACIÓNS OUTORGADAS (EXPDTE 2023/X999/000032)

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES (EXPDTE 2023/X999/000032)

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE (EXPDTE 2023/X999/000032)

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS (EXPDTE 2023/X999/000032).

8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO DE DEDICACIÓN PARCIAL A UN MEMBRO DA CORPORACIÓN (EXPDTE 2023/X999/000032)

9º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2/2025 (EXPDTE 2025/X999/000117)

10º.- MOCIÓNS

11º.- ROGOS E PREGUNTAS

.....

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:
04/11/2025



Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión de 04/11/2025, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Faise constar polo portavoz do Partido Socialista que na acta do 04/11/2025 aparecen invertidos os apelidos do concelleiro Carlos Pernas Fraguela.

Tamén aclara que en dita acta se indica que asistiu M^a José Fraguela López, cando realmente non asistiu á sesión do pleno.

Con estas correccións, a acta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes, coa abstención de M^a José Fraguela López, por non asistir á mesma.

2º.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 363/2025, DE 22/09/2025 AO 467/2025, DE 24/11/2025.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado dos Decretos de referencia.

3º.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO REMITIDO POLO PARTIDO POPULAR COMUNICANDO PORTAVOCES (EXPDTE 2023/X999/000032)

O Pleno corporativo dáse por enterado do escrito de 07/11/2025, que establece:

D^a ANA MARÍA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Alcaldesa de este Concello, de conformidade co disposto no artigo 24 do Real decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, e como consecuencia do nomeamento como concelleiro de Andrés Manuel Balado Noal, pon no seu coñecemento que a partir da presente data, foi designado como foi designado coma portavoz: ANA MARÍA LÓPEZ FERNÁNDEZ e como suplente a ANDRES MANUEL BALADO NOAL.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓNS NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE, XUNTA DE GOBERNO E DELEGACIÓNS OUTORGADAS (EXPDTE 2023/X999/000032)

O Pleno corporativo dáse por enterado das seguintes resolucións de Alcaldía:



**CONCELLO
DE CARIÑO**



DECRETO ALCALDIA 433/2025, de 06/11/2025 (publicado no BOP nº 215, de 10/11/2025)

Por Decreto Alcaldía 433/2025, de 06/11/2025 modifícanse os membros da xunta de goberno local no Concello de Cariño:

Visto que mediante Decreto Alcaldía 299/2023, de 03/07/2023 (BOP nº 128, de 06/07/2023) procedeuse á constitución da Xunta de Goberno Local desta Corporación, modificada posteriormente mediante decreto de alcaldía 11/2024, de 10 de xaneiro.

Considerando que o Pleno celebrado en sesión ordinaria de data 25/09/2025, toma coñecemento da renuncia voluntaria de Laura García Ruíz ao posto de concelleira do Partido Popular, tomando posesión como novo concelleiro Andrés Manuel Balado Noal en data 04/11/2025.

Tendo en conta as facultades que a esta Alcaldía lle confiren o artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 43.2, 52 e 53 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

RESOLVO:

PRIMEIRO: Modificar a composición da Xunta de Goberno local aprobada por Decreto Alcaldía 11/2024, de 10 de xaneiro, quedando composta do seguinte xeito:

-Alberto Balado Ramonde (1º tenente de alcalde)

-Andrés Manuel Balado Noal (2º tenente de alcalde)

-Miriam Rodríguez Fernández (3ª tenente de alcalde)

SEGUNDO: Manter as delegacións e o réxime de sesións así como os restantes termos fixados na Resolución de Alcaldía 299/2023, de 03/07/2023; así como o réxime de delegación de sinaturas establecido no decreto de alcaldía 300/2023, de 3 de xullo.

TERCEIRO: Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión que teña lugar, notificándose persoalmente aos designados e publicándose no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da súa sinatura.



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Cabo Ortegal
XEOPARQUE



DECRETO ALCALDIA 434/2025, de 06/11/2025 (publicado no BOP nº 215, de 10/11/2025)

O día 28/05/2023, tiveron lugar as eleccións municipais, convocadas mediante Real Decreto 207/2023, do 3 de abril, (BOE núm. 80 do 04/04/2023). En data 17/06/2023, tivo lugar a sesión constitutiva do Concello.

En base a isto, ditouse a resolución de alcaldía 298/2023, de 3 de xullo, de designación das Tenencias da Alcaldía, modificada posteriormente por resolución 10/2024, de 10 de xaneiro.

Considerando que o Pleno celebrado en sesión ordinaria de data 25/09/2025, toma coñecemento da renunciavoluntaria de Laura García Ruíz ao posto de concelleira do Partido Popular, tomando posesión como novo concelleiro Andrés Manuel Balado Noal en data 04/11/2025.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2, 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os artigos 62 e 63 da Lei 5/97, 22 de xullo, Administración local de Galicia e os artigos 46 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Revogar a resolución de alcaldía 10/2024, do 10 de xaneiro de 2024, de designación das Tenencias da Alcaldía.

SEGUNDO: Nomear tenentes de alcalde aos/as concelleiros/as membros da Xunta de goberno local que se indican a continuación:

-1º tenente de alcalde: Alberto Balado Ramonde.

-2º tenente de alcalde: Andrés Manuel Balado Noal.

-3ª tenente de alcalde: Miriam Rodríguez Fernández.

Os/as tenentes de alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír a esta alcaldía na totalidade das súas funcións e pola orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Cabo Ortegal
XEOPARQUE



como desempeñar as funcións de alcaldesa nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde/sa.

TERCEIRO: Desta resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución.

DECRETO ALCALDIA 432/2025, de 06/11/2025 (publicado no BOP nº 215, de 10/11/2025)

Visto que mediante Decreto Alcaldía 301/2023, de 03/07/2023 (BOP nº 128, de 06/07/2023) procedeuse a organizar as áreas de goberno, mediante delegacións xenéricas a prol dos/as concelleiros/as, modificándose posteriormente mediante decreto de alcaldía 15/2024, de 11/01/2024.

Considerando que o Pleno celebrado en sesión ordinaria de data 25/09/2025, toma coñecemento da renuncia voluntaria de Laura García Ruíz ao posto de concelleira do Partido Popular, tomando posesión como novo concelleiro Andrés Manuel Balado Noal en data 04/11/2025.

Tendo en conta as facultades que a esta Alcaldía lle confiren o artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 43.2, 52 e 53 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Revogar o decreto Alcaldía 301/2023, de 03/07/2023 (BOP nº 128, de 06/07/2023) e o decreto de alcaldía 15/2024, de 11/01/2024.

SEGUNDO: A Alcaldía resérvase as seguintes competencias:

-A coordinación de todas ás áreas de funcionamento do Concello.

-As seguintes áreas de goberno: Benestar Social, Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial e Mar, así como aquelas competencias, propias da Alcaldía, que non estean atribuídas a outro membro da Corporación.

TERCEIRO: Conferir as seguintes delegacións xenéricas, a prol do seguintes membros da Xunta de Goberno Local, nos seguintes termos:



a) Desígnase a *Andrés Manuel Balado Noal* concelleiro-delegado da *Área de Cultura, Turismo, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude, Festexos e Comercio* que comprende, en particular, as seguintes materias:

- Igualdade.
- Muller
- Educación
- Comercio
- Cultura e Patrimonio cultural.
- Mocidade.
- Festas e festexos.

b) Desígnase a *Alberto Balado Ramonde* concelleiro-delegado da *Área de Urbanismo, Obras, Seguridade cidadá, Medio ambiente, Mercado e Medio rural* e que comprende en particular:

- Urbanismo e obras
- Medio Ambiente e políticas medioambientais.
- Seguridade cidadá.
- Feiras e venda ambulante
- Desenvolvemento rural.

As delegacións xenéricas conlevan, ademais da inspección, dirección, impulsión e xestión en xeral dos correspondentes servizos, a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a tramitación de un expediente no ámbito da correspondente delegación, agás a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

CUARTO: *As delegacións conferidas no presente decreto enténdense sen prexuízo das que a lexislación lle atribúe a Alcaldía, como competencias indelegables, así como das delegadas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local.*



QUINTO: Delegar de forma indistinta en favor de tódolos concelleiros/as da Corporación municipal o exercicio da competencia para autorizar os matrimonios civís que se celebren neste termo municipal, nos termos da normativa aplicable (artigo 51.1 do Código civil, na redacción dada pola Lei 35/1994, do 23 de decembro).

SEXTO: Da presente resolución darase coñecemento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, notificándose persoalmente aos concelleiros designados segundo dispón o artigo 114.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), e publicárase no Boletín Oficial da Provincia, e mais no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente resolución, conforme se indica no artigo 44 do ROF.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES (EXPDTE 2023/X999/000032)

Visto o ditame da Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de data 24/11/2025 que di:

Mediante acordo plenario de data 07/07/2023 acórdase a creación, composición e periodicidade das comisións informativas permanentes deste Concello, modificadas posteriormente mediante acordo do pleno de data 01/02/2024.

Considerando que o Pleno celebrado en sesión ordinaria de data 25/09/2025, toma coñecemento da renuncia voluntaria de Laura García Ruíz ao posto de concelleira do Partido Popular, tomando posesión como novo concelleiro Andrés Manuel Balado Noal en data 04/11/2025.

A consecuencia do anterior prodúcese a reorganización das delegacións xenéricas e especiais en favor dos concelleiros/as. De acordo co artigo 124.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), o número e denominación das Comisións Informativas Permanentes decidírase mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta da Alcaldía.

A Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras, por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte



**CONCELLO
DE CARIÑO**



DITAME:

PRIMEIRO: *Modificar o acordo plenario de data 07/07/2023 no relativo á constitución das comisións informativas permanentes, que serán as seguintes:*

-Comisión Informativa de Benestar Social, Facenda, Desenvolvemento Local, Empresarial e Mar.

-Comisión Informativa Permanente de Cultura, Turismo, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude, Festexos e Comercio.

-Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, Obras, Seguridade Cidadá, Medio Ambiente, Mercado e medio Rural.

-Comisión Especial de Contas.

SEGUNDO: *Revogar o acordo plenario de data 01/02/2024 e manter os restantes termos establecidos no acordo plenario de data 07/07/2023, en relación coa composición, funcionamento e periodicidade das Comisións informativas permanentes.*

TERCEIRO: *Comunicar este acordo aos diferentes grupos políticos municipais, facéndolles saber que deberán designar os seus representantes en cada comisión, mediante escrito do portavoz dirixido a alcaldía do concello, nun prazo de cinco días a contar desde a adopción deste acordo, quedando facultado a alcaldesa para, mediante Decreto proceder ao seu nomeamento, dando conta do mesmo na próxima sesión plenaria*

Carlos Castro comenta que respecta a libre organización do goberno municipal.

Jonathan Miranda di que as comisións se corresponden coas áreas das delegacións.

O Pleno corporativo por seis votos a favor dos grupos municipais do PP e PsdGa e tres abstencións do grupo municipal do BNG, **ACORDA:**

PRIMEIRO: *Modificar o acordo plenario de data 07/07/2023 no relativo á constitución das comisións informativas permanentes, que serán as seguintes:*



-Comisión Informativa de Benestar Social, Facenda, Desenvolvemento Local, Empresarial e Mar.

-Comisión Informativa Permanente de Cultura, Turismo, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude, Festexos e Comercio.

-Comisión Informativa Permanente de Urbanismo, Obras, Seguridade Cidadá, Medio Ambiente, Mercado e medio Rural.

-Comisión Especial de Contas.

SEGUNDO: Revogar o acordo plenario de data 01/02/2024 e manter os restantes termos establecidos no acordo plenario de data 07/07/2023, en relación coa composición, funcionamento e periodicidade das Comisións informativas permanentes.

TERCEIRO: Comunicar este acordo aos diferentes grupos políticos municipais, facéndolles saber que deberán designar os seus representantes en cada comisión, mediante escrito do portavoz dirixido a alcaldía do concello, nun prazo de cinco días a contar desde a adopción deste acordo, quedando facultado a alcaldesa para, mediante Decreto proceder ao seu nomeamento, dando conta do mesmo na próxima sesión plenaria

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE (EXPDTE 2023/X999/000032)

Visto o ditame da Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de data 24/11/2025 que di:

Mediante acordo plenario de data 07/07/2023 acórdase a creación da mesa de contratación permanente do Concello, modificada por Resolución Alcaldía 255/2024, de 24/06/2025.

Considerando que o Pleno celebrado en sesión ordinaria de data 25/09/2025, toma coñecemento da renuncia voluntaria de Laura García Ruíz ao posto de concelleira do Partido Popular, tomando posesión como novo concelleiro Andrés Manuel Balado Noal en data 04/11/2025.

A consecuencia do anterior prodúcese a reorganización das delegacións xenéricas e especiais en favor dos concelleiros/as.



Vistas as competencias que ten o Concello en materia de contratación administrativa, de conformidade coa Disposición Adicional 2º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras, por unanimidade dos seus membros, emite o seguinte **DITAME**:

PRIMEIRO: Modificar o acordo plenario de data 07/07/2023, e a Resolución Alcaldía 255/2024, de 24/06/2025, no que se refire á composición da mesa de contratación permanente:

***Cando o órgano de contratación sexa a Alcaldía:**

Presidencia: Concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Obras, Seguridade Cidadá, Medio Ambiente, Mercado e medio Rural.

Suplente: Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Turismo, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude, Festexos e Comercio.

Vogais:

-Interventor/a municipal

-Secretario/a municipal

-Un ou dous técnicos municipais, segundo a materia obxecto de contratación.

-Un representante do grupo municipal do BNG:

*Titular: Carlos Castro Durán

*Suplente: Pablo Fragueta Casás

Secretario/a: funcionario/a do Concello

***Cando o órgano de contratación sexa a Xunta de Goberno Local ou o Pleno corporativo:**

Presidencia: Alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue.



Suplente: Concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Obras, Seguridade Cidadá, Medio Ambiente, Mercado e medio Rural.

Vogais:

-Interventor/a municipal

-Secretario/a municipal

-Un ou dous técnicos municipais, segundo a materia obxecto de contratación.

-Un representante do grupo municipal do BNG:

*Titular: Carlos Castro Durán

*Suplente: Pablo Fraguera Casás

Secretario/a: funcionario/a do Concello

SEGUNDO: Manter os restantes termos establecidos no acordo plenario de data 07/07/2023, en relación coa creación da mesa de contratación permanente.

TERCEIRO: Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do establecido no artigo 21.4 do real decreto 817/2009, de desenvolvemento parcial do TRLCSP.

Non suscitándose debate, o Pleno corporativo, por seis votos a favor dos grupos municipais do PP e BG e tres abstencións do grupo municipal do PsdGa, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Modificar o acordo plenario de data 07/07/2023, e a Resolución Alcaldía 255/2024, de 24/06/2025, no que se refire á composición da mesa de contratación permanente:

***Cando o órgano de contratación sexa a Alcaldía:**

Presidencia: Concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Obras, Seguridade Cidadá, Medio Ambiente, Mercado e medio Rural.

Suplente: Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Turismo, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude, Festexos e Comercio.

Vogais:



- Interventor/a municipal
- Secretario/a municipal
- Un ou dous técnicos municipais, segundo a materia obxecto de contratación.
- Un representante do grupo municipal do BNG:
 - *Titular: Carlos Castro Durán
 - *Suplente: Pablo Fraguela Casás
- Secretario/a:** funcionario/a do Concello

***Cando o órgano de contratación sexa a Xunta de Goberno Local ou o Pleno corporativo:**

Presidencia: Alcaldía ou concelleiro/a en quen delegue.

Suplente: Concelleiro-delegado da Área de Urbanismo, Obras, Seguridade Cidadá, Medio Ambiente, Mercado e medio Rural.

Vogais:

- Interventor/a municipal
- Secretario/a municipal
- Un ou dous técnicos municipais, segundo a materia obxecto de contratación.
- Un representante do grupo municipal do BNG:
 - *Titular: Carlos Castro Durán
 - *Suplente: Pablo Fraguela Casás
- Secretario/a:** funcionario/a do Concello

SEGUNDO: Manter os restantes termos establecidos no acordo plenario de data 07/07/2023, en relación coa creación da mesa de contratación permanente.



TERCEIRO: Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do establecido no artigo 21.4 do real decreto 817/2009, de desenvolvemento parcial do TRLCSP.

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS ÓRGANOS COLEXIADOS (EXPDTE 2023/X999/000032).

Visto o ditame da Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de data 24/11/2025 que di:

Mediante acordo plenario de data 07/07/2023 acórdase o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados.

Considerando que o Pleno celebrado en sesión ordinaria de data 25/09/2025, toma coñecemento da renuncia voluntaria de Laura García Ruíz ao posto de concelleira do Partido Popular, tomando posesión como novo concelleiro Andrés Manuel Balado Noal en data 04/11/2025.

A consecuencia do anterior prodúcese a reorganización das delegacións xenéricas e especiais en favor dos concelleiros/as.

*A Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras, por dous votos a favor do grupo municipal do Partido Popular, unha abstención do grupo municipal do BNG e un voto en contra do grupo municipal do PSdGa, emite o seguinte **DITAME:***

PRIMEIRO: *Modificar o acordo plenario de data 07/07/2023 nos seguintes termos:*

1) *Nomear representantes do Concello de Cariño no **Consello Escolar do C.E.I.P. de Cariño**, aos seguintes concelleiros:*

-Titular: Andrés M. Balado Noal

-Suplente : Ana Mª López Fernández

2) *Nomear representantes do Concello de Cariño no **Consello Escolar do Instituto de Ensino Medio de Cariño**, aos seguintes concelleiros:*

-Titular: Andrés M. Balado Noal



-Suplente : Ana M^a López Fernández

3) Nomear representantes do Concello de Cariño en **Seitura 22**, aos seguintes concelleiros:

-Titular: Ana M^a López Fernández

-Suplente : Andrés M. Balado Noal

4) Nomear representantes do Concello de Cariño no **Grupo de Acción Costeira (GAC)**, aos seguintes concelleiros:

-Titular: Ana M^a López Fernández

-Suplente : Andrés M. Balado Noal

5) Nomear representantes do Concello de Cariño na **Xunta Local de Seguridade** aos seguintes concelleiros:

-Titular: Ana M^a López Fernández

-Suplente : Alberto Balado Ramonde

6) Nomear representantes do Concello de Cariño na **Mesa de Negociación** aos seguintes concelleiros:

-Titular: Ana M^a López Fernández

-Representante do grupo municipal do PP:

*Titular: Andrés M. Balado Noal

*Suplente: Alberto Balado Ramonde

- Un representante e un suplente do grupo municipal PSGA-PSOE.

-Un representante e un suplente do grupo municipal BNG.

7) Nomear representantes do Concello de Cariño na **Mesa Local de Comercio** aos seguintes concelleiros/as:

-Presidente: Ana M^a López Fernández



-Suplente: *Miriam Rodríguez Fernández*

-Vogal: *Andrés M. Balado Noal*

-Suplente: *Alberto Balado Ramonde*

8) Nomear representantes do Concello de Cariño na **Asociación Xeoparque Cabo Ortegal** aos seguintes concelleiros/as:

-Presidente: *Ana Mª López Fernández*

-Suplente: *Miriam Rodríguez Fernández*

-Vogal: *Andrés M. Balado Noal*

-Suplente: *Alberto Balado Ramonde*

9) Nomear representantes do Concello de Cariño no **Fondo Galego de Solidariedade** aos seguintes concelleiros/as:

Titular: *Ana Mª López Fernández*

Suplente: *Andrés M. Balado Noal*

Carlos Castro explica que van votar en contra por non respectarse o acordo do pleno de organización desta lexislatura, punto no que eles se abstiveron para respectar a liberdade organizativa do goberno pero que eles votaran a favor e agora non o respectaron.

Ana Mª López dille que normalmente non hai cambios, pero que o tempo pasou, e que esa é a decisión deles.

Jonathan Miranda comenta que no pleno de organización que se chegou a un acordo no que se nomeaban a diversos concelleiros no Xeoparque, entre eles un do partido socialista. Explica que nestes dous anos que non se lles convocou a ningunha reunión, e que se trae esta proposta a pleno, e que non se lles comentou tampouco que ían modificar a proposta inicial.

A Alcaldesa comenta que teñen razón en que naquel momento sí se acordou nomear a un concelleiro do PSOE, que era unha persoa que nese momento podía ser nomeada pero que agora non, xa que se presentou ao posto de xerente do Xeoparque. E que podían chegar a un acordo antes de votar en contra.



Jonathan Miranda dille que está a falar de unha persoa que xa non está, pero que ata que se presentou a ese posto que pasou ano e pico, e que no momento que fose incompatible, que se nomearía a outro representante. Insiste en que levaron a proposta a comisión informativa sen chamalos a negociar, e que se non hai vontade de negociar, que van votar en contra.

O Pleno corporativo por seis votos en contra dos grupos municipais do PSdGa e BNG e tres votos a favor do PP, rexeita a proposta presentada.

8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO DE DEDICACIÓN PARCIAL A UN MEMBRO DA CORPORACIÓN (EXPDTE 2023/X999/00032)

Visto o ditame da Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de data 24/11/2025 que di:

O Pleno corporativo, en sesión ordinaria celebrada en data 25/09/2025, toma coñecemento da renuncia voluntaria de Laura García Ruíz ao posto de concelleira, tomando posesión como novo concelleiro Andrés Manuel Balado Noal en data 04/11/2025.

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en concordancia co artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, os membros das Corporacións locais teñen dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda. Os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, en cuxo caso serán igualmente dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda.

O artigo 13.4 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, establece que o Pleno Corporativo, a proposta do presidente, determinará dentro da consignación global contida a tal fin no orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva e, polo tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un de eles en atención ao seu grao de responsabilidade.



Considerando o disposto no informe conxunto de Secretaría e Intervención obrante no expediente, a Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras, por dous votos a favor do grupo municipal do Partido Popular, un voto en contra do grupo municipal do BNG e un voto en contra do grupo municipal do PSdGa, desempatando o voto de calidade da Alcaldía, emite o seguinte **DITAME**:

PRIMEIRO: Establecer que o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Turismo, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude, Festexos e Comercio, exercerá o seu cargo en réxime de dedicación parcial, nunha porcentaxe do 75% da xornada.

SEGUNDO: Establecer a favor do membro da Corporación que desempeña a súa función en réxime de dedicación parcial, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirán en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades extras de xuño e decembro, e darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social ou no seu caso no réxime correspondente. Ditas cantidades fixadas en concepto de dedicacións actualizaránse anualmente conforme á Lei de Orzamentos Xerais do Estado, nos incrementos previstos para os empregados públicos, co límite máximo das cantidades brutas establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para as dedicacións nos municipios de entre 3001 e 10.000 habitantes (artigo 75 Ter. 1 d) LBRL). As retribucións percibiránse con carácter retroactivo, con efectos do día 04/11/2025, regularizándose a alta na Seguridade social con esta mesma data.

CARGO	RETRIBUCIÓN ANUAIS BRUTAS
Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Turismo, Educación, Igualdade, Deporte, Xuventude, Festexos e Comercio (porcentaxe do 75% da xornada)	12.250 €

A percepción destas retribucións será incompatible coa de outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenvolvemento de outras actividades, nos termos da Lei



**CONCELLO
DE CARIÑO**



53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas.

TERCEIRO: *Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

Carlos Castro explica que o seu voto vai ser en contra polo seguintes motivos: os concelleiros e alcaldes na realización da súa labor de goberno deben percibir unha remuneración xusta e adaptada ao traballo que desenvolven. Que ata o de agora sempre piden que dalgunha maneira se faga público ese traballo para que a cidadanía sexa quen de valorar as labores que se realizan desde a corporación municipal. Que lles parece unha forma de dar transparencia e á vez poñer en valor o traballo feito. Por outra banda, que levan aprobadas un bo número de mocións e hai moitas que ven que non se executan por parte deste goberno, sen ir máis lonxe o que se aprobou no pleno de organización do anterior punto. Outras mocións, como a do cambio de nome das rúas, que se aprobou en febreiro e que o que queda é acordar nunha reunión e aprobalo en pleno; peticións para falar do centro de día da que non obtiveron resposta como tamén lles pasa á cidadanía e ás asociacións. Despois está o tema de comentar moitas veces o tema da falta de cartos nas arcas do Concello como escusa para case todo. Engade que levan moitos anos pedindo que as traballadoras municipais do SAF que están a tempo parcial deberían estar a xornada completa pola demanda do servizo e que para eles é prioritario para a calidade do SAF.

Jonathan Miranda indica que a súa argumentación vai na mesma liña que o compañeiro do BNG. Explica que eles, como grupo, recoñecen a capacidade de autoorganización dos grupos municipais, e que este tipo de decisións resulta importante para dignificar a labor dos concelleiros, entendéndoo tanto dende o goberno como dende a oposición. Engade que na corporación de Cariño que dende o momento que non hai maioría que é importante o diálogo e entendemento. Di que o equipo de goberno obvia calquera tipo de proposta que se acorda no pleno, e cita entre outras, o cambio de nome das rúas. Di que tamén piden documentación sobre diversos temas e que non obteñen resposta. Indica, que por outro lado, non ven avances en temas de gran importancia para o Concello como o Pxom ou o Pepri, que tamén hai problemas de licitación co Pai, co Saf, etc...Que a Alcaldesa fala de que a situación do Concello que é mala, pero que hai remanente positivo, e que resulta que hai cartos para algunhas cousas e para outras non. Engade que se perderon subvencións para o que dicían que non había cartos ou o tema do camiión de residuos, que tamén se perdeu. Que en temas de persoal a subvención para contratar a educadora familiar saiu denegada na Deputación na convocatoria 2026, e que iso



significa que nin preguntaron por ela. Insiste en que teñen que ter en conta o traballo que se fai dende a oposición.

Ana M^a López dilles que agora teñen presa en que se fagan determinadas cousas e melloras pero que eles cando estaban gobernando en maioría que tampouco o fixeron, que para o Partido popular que é un logro conseguir un convenio para arranxar o pavillón municipal, e que tamén están tratando de mellorar as condicións das traballadoras do Saf, preparando con elas os horarios e o reparto do traballo. Que o traballo que levan feito que é brutal, e que a xente o ten que saber e entender. Cre que este goberno está a traballar moi duro, que custa moito conseguir convenios coa Xunta como o do pavillón, e que renunciou á subvención do camiión de residuos porque facía falta o orzamento para o pavillón. Pensan que os que están a desenvolver un posto que teñen que cobrar, que votaron a favor na corporación anterior das dedicacións e que agora seguen pensando o mesmo.

O Pleno corporativo por seis votos en contra dos grupos municipais do PSdGa e BNG e tres votos a favor do PP, rexeita a proposta presentada.

Pide a palabra o concelleiro Andrés M. Balado, e pregúntalles aos membros do BNG e PsdeGa se esa decisión é boa para os veciños de Cariño.

Carlos Castro dille que eles, sen un salario, que fan a súa labor e que tamén piden respecto.

Andrés Balado dille que iso non quere dicir que non vaia a traballar exactamente igual.

Carlos Castro comenta que non están en contra do salario pero que todo o que sae do pleno que ten o mesmo valor.

Pregunta Jonathan Miranda se o que fai a oposición non é traballar.

Insiste Andrés M. Balado na pregunta de se resulta unha boa decisión para o pobo.

Carlos Castro dille que si, sempre que se desbloqueen os acordos que poden sair do pleno.

Jonathan Miranda dille que o seu voto corresponde a unha decisión.

9º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2/2025 (EXPDTE 2025/X999/000117)



Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Desenvolvemento local e empresarial, Mar e Comercio de data 24/11/2025, que establece:

Visto o informe da Intervención municipal de data 19 de novembro de 2025, en relación co procedemento, lexislación aplicable e viabilidade do expediente, para proceder o recoñecemento extraxudicial dos créditos que a continuación se detallan, e onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non foran naquel ó que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, e que neste caso concreto é posible a súa realización. En atención ó exposto a Comisión Informativa de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar e Comercio, por dúas abstencións dos grupos municipais do PsdGa e BNG e dous votos a favor do grupo municipal do PP, emite o seguinte **DITAME**:

PRIMEIRO: Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2025 por importe de 24.663,85€ correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan a continuación.

Aplicación	Importe	CIF Tercero	Nombre Ter.	Nº Factura
161.22706	156.28	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-000271
161.22706	198.20	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-000272
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-000393
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-000598



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Cabo Ortegal
XEOPARQUE



161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-000982
161.22706	503.99	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0001476
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0001239
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0001674
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0002133
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0002633
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0003087
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0003528
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0003978
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0004432
432.48000	18495		Asociación Xestión Xeoparque Cabo Ortegal	Cuota ano 2024



341.22799	2909,52	B1920708 3	Fitness Project Center sl	FPC25110198
TOTAL	24663,85			

SEGUNDO: Aplicar, con cargo o Orzamento do exercicio 2025 os correspondentes créditos polo importe de **24.663,85** con cargo ás aplicacións orzamentarias axeitadas.

TERCEIRO: Que se proceda pola Intervención Municipal a súa contabilización nas partidas correspondentes.

Carlos Castro comenta que se van abster, que xa preguntaron en comisión por estes conceptos, e que a Alcaldesa explicaba que a empresa de analítica era para facer análises a maiores da empresa que xa ten contrato co Concello. Que non saben se se pode facer dunha forma máis formal para non ter que traer a pleno este recoñecemento extraxudicial. Que o da factura do Xeoparque dicía a Alcaldesa que foi por un erro ou despiste no seu momento, e que quedou no aire que era a factura de Fitness Project Center SL.

A Alcaldesa di que non preguntou o tema desa factura e que lle responderá no seguinte pleno.

Jonathan Miranda comenta que se van abster, que entenden que as empresas fixeron o seu traballo e que teñen que cobrar.

O Pleno corporativo por seis abstencións dos grupos municipais do PsdGa e BNG e tres votos a favor do grupo municipal do PP **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2025 por importe de 24.663,85€ correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan a continuación.



Aplicación	Importe	CIF Tercero	Nombre Ter.	Nº Factura
161.22706	156.28	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-000271
161.22706	198.20	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-000272
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-000393
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-000598
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-000982
161.22706	503.99	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0001476
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0001239
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0001674
161.22706	218.26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0002133



161.22706	218,26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0002633
161.22706	218,26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0003087
161.22706	218,26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0003528
161.22706	218,26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0003978
161.22706	218,26	B3619422 3	Centro analítico Míguez Muiños	IN-24-L5-0004432
432.48000	18495		Asociación Xestión Xeoparque Cabo Ortegal	Cuota ano 2024
341.22799	2909,52	B1920708 3	Fitness Project Center sl	FPC25110198
TOTAL	24663,85			

SEGUNDO: Aplicar, con cargo o Orzamento do exercicio 2025 os correspondentes créditos polo importe de **24.663,85** con cargo ás aplicacións orzamentarias axeitadas.

TERCEIRO: Que se proceda pola Intervención Municipal a súa contabilización nas partidas correspondentes.



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Cabo Ortegal
XEOPARQUE



10º.- MOCIÓNS

10.1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG (2025/879, DE 06/11/2025) SOBRE INICIO DO PROCESO DE LICITACION DO SAF (EXPDTE 2025/X006/000161).

“No anterior pleno vimos de aprobar unha moción na que se pedía que a Xunta de Galicia se fixera cargo das súas responsabilidades económicas con respecto ao Servizo de Axuda no Fogar e non cargaran as arcas dos concellos con esa responsabilidade que é súa. Esta moción ven a reclamar o que nos pensamos e vimos pedindo reiteradamente desde hai máis dun lustro como punto de partida para solucionar o máis que mellorable servizo no noso Concello. Levamos demasiado tempo no que a empresa que debe auxiliar ao traballo que desenvolven as traballadoras municipais, está sen contrato regulado mediante uns pregos adaptados á situación que temos nestes momentos. Situación que polo envellecemento da nosa poboación carga cun traballo que desborda ao cadro de persoal das traballadoras. Cada vez repítense máis as mensaxes por parte da empresa na que avisa aos usuarios que ninguén da empresa vai acudir aos seus fogares. Isto fai, contra toda lóxica, que as traballadoras municipais teñan que cubrir ás traballadoras da empresa que viñan a cubrir ás empregadas públicas. Comprendemos que a situación resulta moi complicada. O punto de partida, como case sempre, debería ser o tema económico. Por ese motivo trouxemos no anterior pleno a petición que a Xunta se fixera cargo da maior parte do custo, aínda que isto é unha competencia da Xunta e debería facerse cargo da totalidade das horas que precisan as nosas veciñas e veciños dependentes. Consideramos que se a Xunta aportara 20 euros por hora xa sería un grande avance. Por outra banda, entendemos que é responsabilidade do Concello sacar a concurso o servizo da empresa para conseguir unha relación entre Concello e empresa regulada. Isto aportaría unha seguridade xurídica entre os dous que protexería á súa vez a traballadoras e persoas usuarias. Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG do concello de Cariño presenta a seguinte proposta de ACORDO: A Corporación Municipal do concello de Cariño acorda: 1.- Iniciar o proceso de licitación do contrato para o Servizo de Axuda no Fogar”.

A Alcaldesa explica que están agora nun proceso de traballo do Saf, tanto cos sindicatos como coas traballadoras. Que se licite que non quere dicir que se garante a actual problemática existente no servizo, porque ao final ás veces a empresa tamén ten baixas de traballadoras e non dan atopado xente pero que lles trasladou moitas veces á empresa a falta de profesionalidade e seriedade que teñen. Engade que a Fegamp está a negociar coa Xunta a subida e que eles persoalmente tamén llo transmitiron á Xunta, pero tamén debe existir un



compromiso de solicitarlo ao goberno central , que ten parte de culpa. Di que pola súa parte van facer todo o posible para mellorar as condicións das traballadoras do Saf.

Jonathan I. Miranda comenta que está ben que se esté a traballar coas traballadoras para mellorar as súas condicións, pero que iso non é incompatible con iniciar un proceso de licitación. Que ter unha licitación que non garantiza que a empresa sexa mellor ou peor, pero permite ter un contrato e aplicar unhas penalizacións, en caso de que se incumpran as condicións do prego. Que reclaman que a financiación do Saf que veña ao cen por cen xa que non é competencia dos Concellos financiar este servizo. E que a quen corresponde reclamarlle que é á Xunta xa que aplica os ingresos aos Concellos.

A Alcadesa dille que todos os da Xunta de Galicia que teñen representación no goberno central, e que ahí tamén se pode apretar.

Jonathan Miranda di que eles lle reclaman ao goberno do Estado que financie a parte que lle corresponda do Saf, pero que os que non teñen que financiar son os concellos.

O pleno corporativo por seis votos a favor dos grupos municipais do PsdGa e BNG e tres votos en contra do grupo municipal do PP ACORDA:

1.- Iniciar o proceso de licitación do contrato para o Servizo de Axuda no Fogar.

10.2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSDGA (2025/898, DE 10/11/2025) SOBRE O CENTRO DE SAÚDE DE CARIÑO (EXPDTE 2025/X006/000162)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do Benestar e un dereito recoñecido no artigo 43 da Constitución Española. Garantir unha atención sanitaria universal, gratuíta e de calidade é unha obriga das administracións públicas, e especialmente da Xunta de Galicia, como responsable da xestión do sistema sanitario galego. A atención primaria constitúe a porta de entrada ao sistema e o nivel asistencial máis próximo á cidadanía. É o espazo onde se prevén enfermidades, se atenden os primeiros síntomas e se realiza o seguimento das patoloxías crónicas. Cando a atención primaria falla, todo o sistema sanitario se resinte: medran as urxencias hospitalarias, agrávanse os problemas de saúde e aumenta a desigualdade no acceso á asistencia. Porén, a realidade actual amosa que o Goberno galego leva anos desatendendo este nivel asistencial, sen planificación nin investimento suficiente. A falta de profesionais, a precariedade laboral e a



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Cabo Ortegal
XEO PARQUE



escasa reposición de prazas están a provocar unha situación de colapso en moitos centros de saúde de Galicia. O caso do Centro de Saúde de Cariño é unha mostra especialmente grave desta situación. As veciñas e veciños do municipio están a sufrir demoras de máis de 13 días para poder acceder a unha cita coa médica ou médico de cabeceira. Esta espera, absolutamente inasumible, supón unha vulneración do dereito á atención sanitaria en tempo e forma, e pon en risco a saúde das persoas que precisan atención urxente ou seguimento continuado. A situación é particularmente preocupante nun concello como Cariño, onde moitos pacientes son persoas maiores con enfermidades crónicas e con dificultades de mobilidade. A ausencia dunha resposta inmediata pola parte da Xunta de Galicia supón unha discriminación territorial evidente e unha mostra máis do deterioro progresivo da atención primaria en todo o país. É imprescindible que o Goberno galego actúe de maneira inmediata, reforzando o cadro de persoal médico e de enfermaría, mellorando a organización interna e garantindo que ningunha persoa teña que agardar máis de 48 horas para ser atendida pola súa médica ou médico de cabeceira. A saúde non pode esperar, e a igualdade de acceso aos servizos públicos tampouco. 2 Por todo exposto o Grupo Municipal Socialista no Concello de Cariño, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS: Solicitar á Xunta de Galicia: 1. Adoptar con carácter inmediato as medidas necesarias para garantir que as persoas usuarias do Centro de Saúde de Cariño poidan acceder a unha cita coa súa médica ou médico de cabeceira nun prazo máximo de 48 horas, conforme ás recomendacións da OMS e aos estándares de calidade asistencial. 2. Reforzar de maneira urxente o cadro de persoal médico e de enfermaría do devandito centro, asegurando a cobertura de todas as prazas estruturais e substitucións.

Jonathan Miranda explica que se trata de unha moción que nace dunha experiencia persoal, xa que intentou solicitar cita no centro de saúde e que tardaron trece días en darlla. Di que a doutora que estaba que se xubilaba, e que iso se sabía dende fai meses e que polo tanto, se podía planificar a cobertura desa praza. Entende que iso non se pode permitir, que unha falta de planificación faga que teña que agardar trece días por unha cita.

A Alcaldesa comenta que sabían que no centro de saúde de Cariño que non se sacaron prazas de médicos, e que o problema é que resulta complicado cubrir esas prazas porque hai outros sitios máis cercanos e non se pode obrigar a ningún médico a pedir unha praza. A alcaldesa dille ao concelleiro do partido socialista que non sabe que doenza tiña pero que non había problema en que fora a outro médico ou por urxencias.

Jonathan Miranda insiste en que hai unha falta de planificación, piden que se preste atención ao centro de saúde de Cariño, e que haberá que crear unhas condicións máis



beneficiosas para facer máis atractivas a praza, como primar temas de puntuacións nos concursos, temas económicos, etc...

Carlos Castro fai referencia á situación tan lamentable que sofre a atención primaria dende fai varios anos.

O pleno corporativo por seis votos a favor dos grupos municipais do PsdGa e BNG e tres abstencións do grupo municipal do PP ACORDA:

Solicitar á Xunta de Galicia:

1. Adoptar con carácter inmediato as medidas necesarias para garantir que as persoas usuarias do Centro de Saúde de Cariño poidan acceder a unha cita coa súa médica ou médico de cabeceira nun prazo máximo de 48 horas, conforme ás recomendacións da OMS e aos estándares de calidade asistencial.

2. Reforzar de maneira urxente o cadro de persoal médico e de enfermaría do devandito centro, asegurando a cobertura de todas as prazas estruturais e substitucións.

10.3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSDGA (2025/932, DE 19/11/2025) SOBRE A POSIBILIDADE DE CREAR UNHA SECCIÓN DA ESCOLA DE IDIOMAS PARA O IES CABO ORTEGAL DE CARIÑO (EXPDTE 2025/X006/000163)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Cariño atópase na Comarca de Ortegal, bastante illado e con carencias no transporte público, o que imposibilita a asistencia da nosa veciñanza ás localidades de Ferrol, Cedeira ou As Pontes, municipios máis cercanos que contan con aulas da Escola Oficial de Idiomas, tendo en conta que a maior parte das clases teñen lugar pola tarde-noite. Nestes últimos anos, detectamos un crecente interese da poboación do Concello e da comarca en ampliar e mellorar as competencias en linguas, especialmente a inglesa, así como persoas que xa teñen certo coñecemento da mesma e desexan homologar os seus estudos. Que o Concello de Cariño acollera, tanto no verán de 2024 coma no de 2025, unha charla da Escola Oficial de Idiomas, sección Cedeira, demostra que o equipo de goberno tamén detectou esta necesidade entre a poboación cariñesa. Xa no ano 2017, tanto a Dirección como o Consello Escolar do centro IES Cabo Ortegal, así como o Pleno do Concello de Cariño, apoiaron por



**CONCELLO
DE CARIÑO**

Cabo Ortegal
XEO PARQUE



UNANIMIDADE a solicitude dunha sección da Escola de Idiomas para o IES Cabo Ortegal de Cariño. Nese momento, a dirección do Centro destacou que permanece aberto de luns a venres en horario de tarde, o que facilitaría a implantación da sección solicitada, pois existen aulas dispoñibles e persoal de administración e servizos para cubrir as necesidades que puideran xurdir. Tan só se necesitaría cubrir as prazas do profesorado que imparta os distintos niveis. Por todo exposto o Grupo Municipal Socialista no Concello de Cariño, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

- Solicitar á Dirección do IES Cabo Ortegal un informe sobre a viabilidade da posta en marcha dunha sección da Escola Oficial de Idiomas no IES Cabo Ortegal de Cariño,

- Solicitar o apoio á iniciativa, se así o consideran, da ANPA, do Claustro de Profesorado e da Dirección do IES Cabo Ortegal.

- Instar ao Pleno do Parlamento de Galicia a votar favorablemente a emenda aos orzamentos de 2026 da Xunta de Galicia presentada polo Grupo Socialista para a implantación dunha sección da Escola Oficial de Idiomas no IES Cabo Ortegal de Cariño.

- Solicitar á Xunta de Galicia a creación dunha sección da Escola Oficial de Idiomas no IES Cabo Ortegal de Cariño.

A Alcaldesa comenta que se dende o instituto hai demanda e xente que o necesite que votarán a favor da moción, considera que se trata dunha boa iniciativa e que é boa para a xente de aquí.

Carlos Castro comenta que as distancias e comunicacións dende Cariño que son complicadas polo que resulta tamén máis complicado exercer os dereitos alguén da localidade. Engade que as necesidades do alumnado que en parte están cubertas polo propio centro, pero que sería interesante a escola de idiomas.

Jonathan Miranda di que a Xunta de Galicia que non escoitou a petición no seu día e que comentara que fixera un estudo e que non había tanta xente de Cariño indo a esas escolas. Cre que resulta importante darlle unha oportunidade ao asunto porque a poboación vai ter interese.

O Pleno corporativo por unanimidade dos seus membros ACORDA:



- Solicitar á Dirección do IES Cabo Ortegal un informe sobre a viabilidade da posta en marcha dunha sección da Escola Oficial de Idiomas no IES Cabo Ortegal de Cariño,

- Solicitar o apoio á iniciativa, se así o consideran, da ANPA, do Claustro de Profesorado e da Dirección do IES Cabo Ortegal.

- Instar ao Pleno do Parlamento de Galicia a votar favorablemente a emenda aos orzamentos de 2026 da Xunta de Galicia presentada polo Grupo Socialista para a implantación dunha sección da Escola Oficial de Idiomas no IES Cabo Ortegal de Cariño.

- Solicitar á Xunta de Galicia a creación dunha sección da Escola Oficial de Idiomas no IES Cabo Ortegal de Cariño.

10.4.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG (2025/938, DE 21/11/2025) SOBRE VIA DE ALTA CAPACIDADE (EXPDTE 2025/X006/000165)

Exposición de motivos

A Vía de Alta Capacidade (VAC) Costa Norte foi anunciada pola Xunta de Galiza hai máis de dúas décadas como unha infraestrutura estratéxica para conectar o norte da provincia da Coruña co occidente lucense, mellorando as comunicacións, a seguridade viaria e a competitividade económica da comarca do Ortegal e a Mariña. Porén, despois de vinte anos de anuncios e promesas reiteradas, a realidade é que as obras permanecen practicamente paralizadas, limitándose a actuacións puntuais nas variantes de Ortigueira e Xove. Desde 2017, a Xunta vén incluíndo nos seus orzamentos partidas de investimento plurianual que nunca chegan a executarse. Así, os 57,4 millóns de euros anunciados entre 2017 e 2020, os 65 millóns prometidos en 2021 e as partidas de 4 millóns consignadas en 2023, 2024 e 2025 seguen sen materializarse, acumulando xa máis de dúas décadas de atrasos. Esta situación supón un agravio evidente coa comarca do Ortegal e a Mariña, que continúa a padecer unha grave carencia de infraestruturas viarias. A falta de conexións rápidas e seguras lastra o desenvolvemento económico, agrava a perda de poboación e dificulta o acceso a servizos básicos, convertendo o noso territorio nun dos máis castigados de Galiza pola inacción da Xunta. Resulta inaceptable que o Goberno galego continúe empregando a VAC Costa Norte como reclamo electoral, mentres os investimentos reais son inexistentes. Por todo o anterior, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno da Corporación do concello de Cariño a adopción dos seguintes ACORDOS



1. Instar á Xunta de Galiza a incluír nos orzamentos de 2026 partidas efectivas, con prazos e fases de execución concretas, para o desenvolvemento inmediato da Vía de Alta Capacidade Costa Norte, especialmente no tramo que afecta á Comarca do Ortegal e a Mariña.

2. Reclamar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que faga público o calendario detallado de actuacións e licitacións pendentes, garantindo transparencia e seguimento cidadán.

3. Solicitar á Alcaldesa e ao goberno municipal de Cariño que exerzan un papel activo e reivindicativo diante da Xunta de Galiza, en defensa dos intereses do noso concello e da comarca do Ortegal, esixindo o cumprimento dos compromisos adquiridos.

4. Dar traslado desta moción ao Presidente da Xunta de Galiza, á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e aos concellos da comarca do Ortegal para promover unha posición comarcal unitaria en defensa da VAC Costa Norte.

A Alcaldesa comenta que a Xunta de Galicia fai pouco fixo cambios na vía principal cara Ferrol, unha inversión de cincuenta millóns de euros, mellorando estas comunicacións a calidade da vía. Di que hai outros orzamentos que van nesa liña, que a vía de alta capacidade que hai moitos anos que se solicita.

Jonathan Miranda di que hai decisións que tomaron os gobernos que se poden reverter e que van afectar á cidadanía por moitos anos, e que o feito de deixar ao territorio sen esta vía dende anos, fai que o territorio vaia a peor, e que nos últimos anos reduciron os orzamentos da Xunta de Galicia en catro millóns. Engade que foron sete millóns e medio o que custou o arranxo da estrada, e non cincuenta millóns como dixo a Alcaldesa. Di que toda a zona da Mariña ata Ferrol que cada vez está peor, e que esta liña de alta capacidade que vai mellorar o desprazamento. E que ademáis, no seu momento, co bipartito, no proxecto estaba engadida unha variante cara Cariño, e este Pleno debería seguir reclamando que se inclúa no proxecto.

A Alcaldesa di que a estrada de Cariño que pertence á Deputación, e que tamén hai que instar á Deputación.

Jonathan Miranda dille que están a pedir unha nova variante, pero que se hai que instar á Deputación que se fai.



O pleno corporativo por seis votos a favor dos grupos municipais do PsdGa e BNG e tres abstencións do grupo municipal do PP ACORDA:

1. Instar á Xunta de Galiza a incluír nos orzamentos de 2026 partidas efectivas, con prazos e fases de execución concretas, para o desenvolvemento inmediato da Vía de Alta Capacidade Costa Norte, especialmente no tramo que afecta á Comarca do Ortegal e a Mariña.

2. Reclamar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que faga público o calendario detallado de actuacións e licitacións pendentes, garantindo transparencia e seguimento cidadán.

3. Solicitar á Alcaldesa e ao goberno municipal de Cariño que exerzan un papel activo e reivindicativo diante da Xunta de Galiza, en defensa dos intereses do noso concello e da comarca do Ortegal, esixindo o cumprimento dos compromisos adquiridos.

4. Dar traslado desta moción ao Presidente da Xunta de Galiza, á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e aos concellos da comarca do Ortegal para promover unha posición comarcal unitaria en defensa da VAC Costa Norte.

10.4.- MOCIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSDGA (2025/939, DE 21/11/2025) SOBRE A LICITACION DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (EXPDTE 2025/X006/000166)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Cariño pon en marcha o servizo do Punto de Atención á Infancia no ano 2017. En 2020, licítase de novo o servizo, cun contrato de duración de 2 anos e dúas prórrogas de 1 ano. Isto fai que o servizo estea sen contrato desde o ano 2024. Visto as problemáticas que xera este feito noutros servizos en situacións similares, cremos que non se debería dilatar no tempo a licitación deste servizo. Unha nova licitación, obrigatoria debido aos cambios producidos con respecto da última que se fixo, permitiría unha mellora nas condicións laborais das traballadoras, a posibilidade de adecuar o funcionamento ás demandas das familias usuarias, e un longo etcétera. A redacción duns novos pregos tamén permitirían poñer en marcha un método ou protocolo de coordinación entre os servizos sociais do Concello e o persoal do PAI, obtendo como resultado unha mellora nas condicións laborais e de calidade do servizo. Por outro lado, logo de ver a resolución definitiva de adxudicación de prazas para o



**CONCELLO
DE CARIÑO**



curso 2025/2026, quedan vacantes sen cubrir no PAI. Sabemos que varias familias solicitaron o acceso ao mesmo, pero non obtiveron resposta. Por todo o exposto, sométese a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Instar ao goberno municipal a que coa maior brevidade posible, licite o servizo do Punto de Atención á Infancia do concello de Cariño.

2.- Cubrir, á maior brevidade posible, as prazas vacantes no PAI xa que existe demanda por parte das familias.

Carlos Castro comenta que as traballadoras do PAI tiñan concertada unha cita coa Alcaldesa, e que ésta non acudiu, pide que se explique o motivo.

A Alcaldesa dille que ela non recibiu esa notificación de reunión.

Jonathan Miranda insiste en que tiñan posto unha cita coa Alcaldesa á que non acudiu.

A Alcaldesa dille que houbo unha urxencia, pero que ela non lles dixo en ningún momento que non as ía atender. Engade que se van abster nesta moción, que van a mirar en licitar o servizo e de cubrir as prazas que quedaron libres á maior brevidade posible. Que son prazas que se solicitaron fóra de prazo, e que está pendente de que a traballadora social resolva o tema.

Jonathan Miranda comenta que se sabe as prazas libres que quedaron, e que con respecto ao tema de que está pendente de informe da traballadora social, que sabe de xente que chamou ao Concello e que lle dixeron que non había prazas libres.

A Alcaldesa comenta que preguntou pola mañá e que aínda non teñen resoltas as solicitudes, e que mirará de que se resolvan o máis rápido posible.

Jonathan Miranda comenta que lle da pena que haiba 19 + 1 prazas no PAI, que haiba 4 libres e que non se cubran porque a xente non as solicitou en prazo.

O pleno corporativo por seis votos a favor dos grupos municipais do PsdGa e BNG e tres abstencións do grupo municipal do PP ACORDA:



1.- Instar ao goberno municipal a que coa maior brevidade posible, licite o servizo do Punto de Atención á Infancia do concello de Cariño.

2.- Cubrir, á maior brevidade posible, as prazas vacantes no PAI xa que existe demanda por parte das familias.

11. ROGOS E PREGUNTAS.

Carlos Castro formula os seguintes ROGOS E PREGUNTAS:

-Roga que se transmitan os plenos á cidadanía.

-Pregunta pola iluminación da zona do instituto xa que segue sen funcionar por completo e da zona do Concello que tiveron queixas.

Alberto Balado comenta que hai un fallo que non dan atopado e varias lámpadas fundidas, e que na zona do Concello houbo un problema xa solucionado.

-A iluminación do casco vello presenta un grao de deterioro considerable para o tempo que teñen. Vaise pedir responsabilidade á empresa instaladora para a reposición das mesma, dado que na licitación houbo un punto que garantía a súa resistencia a ambiente salino?

Alberto Balado dille que está mirando o tema.

-Pregunta se no 2026 se van a elaborar os orzamentos.

A Alcaldesa dille que por agora non.

-Pregunta polo estado da RPT.

A Alcaldesa comenta que dentro de pouco van ter unha reunión coa mesa de negociación.

-Pregunta cando se vai a poñer unha mesa de negociación polos horarios das traballadoras do SAF.

A Alcaldesa resposta que tivo esta semana unha reunión coas traballadoras do SAF e que para a semana se reunirá outra vez.

-Na reversión de Portos lemos sobre os compromisos por parte de Portos de tarefas de conservación e arranxo dos inmobles 2 e 4 da Avenida Fraga Iribarne. En que van consistir ditas tarefas?

A Alcaldesa di que van solicitar se se poden demoler xa que o deterioro nun dos edificios é moi elevado e que van a facer de momento arranxos na cuberta para que non se deteriore máis.



Pablo Fraguela pregunta se non hai un informe de Patrimonio en contra desa demolición.

A Alcaldesa dille que hai un cambio e que dende os Concellos se pode dar esa autorización.

Pablo Fraguela di que ese cambio aínda non está aprobado.

A Alcaldesa comenta que ou o arranxa Patrimonio ou o tira Portos.

Pablo Fraguela di que Patrimonio que é a propia Xunta de Galicia, que Portos está estraendo un beneficio económico do noso Concello, e que deberían revertirse nesas edificacións formaran parte da nosa historia.

A Alcaldesa di que xa estaban mal naquel momento e que agora están peor. Que eles quedaron en mirar con Patrimonio qué podían facer co edificio.

Pablo Fraguela di que pediron que dende o Concello se velara por esas edificacións, e pide vontade política do Concello.

-Pregunta se a nivel de conservación e arranxo, houbo algún compromiso de outros inmobles.

A Alcaldesa di que en principio soamente eses.

- Podedes mirar que alternativas hai para poder proceder a retirada de coches en estado de abandono que hai no concello?

A Alcaldesa explica que houbo un caso e que contactaron coa familia, que lles dixo que a solución que tiñan era retirar o vehículo con unha grúa., xa que se se tramita expediente por tráfico que se calificará como residuo perigoso, e que se en un mes non o retiran, que o retirará o Concello con unha grúa.

-Pregunta se houbo avances no tema do Pepri e Pxom, e a Alcaldesa di que non.

-Pregunta tamén polo tema de Mar Cultura.

A Alcaldesa dille que faláron con Costas pero que non viñeron a retirar nada.

-Desde hai tempo hai certa rumoroloxía que fala dunha “remodelación” da lonxa e da fábrica de xeo. No Concello sábese algo a ciencia certa?

A Alcaldesa di que non sabe do tema.

-Cal foi o criterio para o cambio da empresa que fai as labores de xardinería?

Alberto Balado comenta que ao outro xardiñeiro lle levaba dous meses podar a Praza rosa e que os novos o fan en menos tempo.

A Alcaldesa explica que se negaba continuamente a facer as cousas que se lle ordeaba, e que tiña unha falta de compromiso co seu traballo. Que todos os veciños pagan ese servizo e que polo menos merecen que faga o que se lle di.



Pablo Fraguela pregunta porque se negaba a facer eses traballos, se esas instrucións eran técnicas ou políticas.

A Alcaldesa explica que cando se lle mandaba ir a algún sitio que dicía que non podía, que levan dous anos pelexando con esa persoa.

Pablo Fraguela dille que lles trasladaron queixas alleas a él de que falaba que se lle mandaban realizar traballos en momentos que non tocaban, por exemplo podar.

A Alcaldesa di que non se lle mandaban facer cousas en destempo, que sempre se respectou o tempo de poda das árbores, e que o servizo o pagan todos os veciños e que queren un mantemento correcto.

Pablo Fraguela lembra que presentaron unha moción respecto ás podas das árbores para que se fagan con criterio técnico e científico.

Toma a palabra Andres Balado dille que ten razón pero que iso engloba o seu traballo, e que o traballo hai que facelo.

- A relación coa anterior empresa de xardinería está ao corrente de pago?

A Alcaldesa di que non, que onte asinou un pago e que cre que queda pendente de pago algunha factura.

-Pregunta como está o camión de residuos.

Alberto Balado comenta que foi hoxe ao taller a cambiar as pastillas, e que para a semana terá que cambiar os discos, e que se leva gastado nese camión arredor de 50.000 euros en arranxos, pero que vai sempre ao día.

A continuación Jonathan Miranda realiza as seguintes PREGUNTAS:

-Di que na Comisión informativa se falou o tema da reversión de Portos. Que na reunión previa que tivo cos portavoces que a Alcaldesa quedou de contar o resultado da reunión que ían ter con Portos. Que queda sen reverter a zona do mercado, a parte de atrás da casa do celador, e que no momento da Comisión a Alcaldesa dixo que non se pagaban taxas por iso, pero que eles cren que iso non pode ser, xa que nun dos decretos aparecen pagos a Portos por estes conceptos.

A Alcaldesa explica que o plano que se presentou foi o que incluía a capitanía e a casa do celador, e que nun futuro se revertía á casa do concello, e que capitanía xa está conectada coa Avda da Paz. Que efectivamente se segue pagando polo Concello, mentres non se faga a reversión total dende o Estado. Que con respecto á Praza roxa que se lles indica que soamente é necesario que pidan a praza roxa, xa que as taxas que se pagaron son polo mercado.

Jonathan Miranda di que se alegran que se dera este paso, e que é unha petición que ven dende o Alcalde Armada, e que mentres non haiba reversión que se van pagar taxas. Pregunta se a parte que non se revirte se se vai a seguir usando para o mercado.

A Alcaldesa dille que eses metros que non os cobran, soamente o interior da praza.



Jonathan Miranda pregunta se se non se cobra por iso porque se está a cobrar agora pola praza roxa.

A Alcaldesa dille que se solicitan a praza roxa e o pedazo de enriba que por iso é polo que se paga a Portos, e que é mellor non darlle moito bombo.

-Jonathan Miranda pregunta sobre o criterio seguido en relación coa publicación de actividades na páxina web.

A Alcaldesa dille que houbo unha complicación por parte da xente que elabora a web, e que tiveron que anotalo desa forma.

-Jonathan Miranda pregunta pola limpeza dos accesos aos cemiterios.

A Alcaldesa dille que houbo unha petición dos veciños e que o Concello non pode limpar en propiedades privadas. Que se lles comunicou ás asociacións que ían ver a forma de limpar, e que foi o que se fixo.

-Jonathan Miranda pregunta cantas xuntas de goberno se fixeron dende a renuncia da anterior concelleira ata a toma de posesión do novo concelleiro.

A Alcaldesa dille que non o sabe.

-Jonathan Miranda pregunta polas vivendas en propiedade do sareb.

A Alcaldesa di que fai un ano faláron con eles pero que non lles deron solución, que hai problemas con esas vivendas.

-Jonathan Miranda pregunta pola campaña do 25 N, polo percorrido do bus a Ortigueira.

A Alcaldesa di que a ruta foi unha decisión deles, que ela non sabía o percorrido previamente e que non tivo marxe para cambialo.

Andrés Balado comenta que lle doe moito que soamente asistiran seis persoas a unha obra de teatro que se fixo sobre a violencia de xénero.

M^a José Fraguela dille que había tres difuntos no tanatorio.

Andrés Balado comenta que todos e todas teñen que estar concienciados nese punto, e que a título persoal que lle doe moito.

-Jonathan Miranda pregunta polo tema do rocódromo no pavillón.

A Alcaldesa di que a empresa que está a facer a obra do pavillón que lle dixo que non facía falta movelo que se protexería.

-Pregunta Jonathan Miranda se hai novidades con respecto ao expediente do cambio de nome do colexio. A Alcaldesa dille que non.

-Pregunta tamén polo cambio de nomes das rúas.

A Alcaldesa comenta que o luns ía mirar de poñer unha cita con eles.

-Jonathan Miranda pregunta pola obra do Río Miño.



A Alcaldesa di que se mandou a Deputación.

A continuación, a Alcaldesa comenta que existe unha petición por parte da Asociación de Veciños do Concello de Cariño, dándolle a palabra á presidenta da mesma, que pasa a ler o seguinte escrito, que se reproduce de forma literal:

“Eu, María del Carmen Villarnovo Anido, en calidade de presidenta da Asociación veciñal do Concello de Cariño, solicito que conste en acta do pleno municipal que se celebra hoxe, 27 de novembro de 2025 ás 20:00 h o seguinte:

1.- Situación tras a manifestación do 12 de outubro.

Queremos deixar constancia do acontecido a raíz da manifestación celebrada o 12 de outubro ás 12:00 horas, convocatoria á que acudiu unha parte importante da veciñanza para reclamar melloras e solucións urxentes ás necesidades do noso concello.

Unha semana despois desa mobilización, a alcaldesa difundiu unha nota de prensa na que aseguraba que “os técnicos ían vir ao concello”, intentando transmitir que existían avances inmediatos. Porén, dende aquela data até hoxe, pasaron 46 días, e neste tempo non se produciu ningún movemento real:

-non veu ningún técnico.

-non se xerou ningún informe.

-non houbo ningunha reunión.

-nin se ofreceu ningunha comunicación oficial que confirma ou desenvolva o prometido na nota de prensa.

É máis: durante estes 46 días nin sequera se revisou e facilitou a información que o propio Concello xa posúe, nin se respondeu ás instancias presentadas, nin á moción rexistrada pola oposición solicitando datos e claridade.

Esta inacción evidencia unha desconexión total coas demandas da veciñanza e unha absoluta falta de responsabilidade política tras unha mobilización tan significativa como a do 12 de outubro.



2.- Situación do polideportivo municipal e da xestión deportiva.

Queremos deixar constancia da falta de avances no proxecto do polideportivo, unha obra que tiña que estar iniciada hai un ano e que continúa sen prazos nin planificación real. A súa recente adxudicación non pode presentarse como un logro cando chega cun atraso tan grande e perxudica directamente ao deporte base e á mocidade de Cariño.

Igualmente, resulta vergonzoso que desde a Asociación Veciñal tiveramos que contactar coa Federación Galega de Triatlón para traer a Cariño un triatlón infantil e abrir unha nova disciplina deportiva no concello. O Concello só debía asinar un convenio e cubrir as dietas do persoal técnico, nada máis. E, a pesar de recordarllelo, non fixeron absolutamente nada. A falta total de iniciativa e compromiso coa promoción deportiva é evidente, e por iso solicitamos que quede constancia desta situación.

3.- Situación da biblioteca municipal e do persoal do Concello.

Queremos deixar constancia do estado de “deixadez” da biblioteca municipal, que leva 1 mes sen atención técnica, sen programación e sen actividade, converténdose nun servizo practicamente inoperativo pese á súa importancia cultural e educativa.

Do mesmo xeito, denunciemos a saturación do persoal municipal, con traballadores obrigados a cubrir simultaneamente tarefas que antes realizaban varias persoas, o que provoca un deterioro evidente da calidade dos servizos públicos.

Ambas situacións demostran unha clara falta de planificación e organización por parte do goberno municipal.

4.- Proceso de reversión de terreos de Portos de Galicia.

Queremos deixar constancia da situación real respecto da reversión dos terreos de Portos de Galicia, xa que o relato transmitido polo goberno municipal non se axusta aos feitos.

En primeiro lugar, lembramos que este procedemento non é novo nin nace neste mandato: iniciouse en 2021 polo anterior goberno municipal e forma parte dun expediente conxunto no que están incluídos 24 concellos galegos, negociado coa Xunta e co Goberno de España a través da Fegamp. Polo tanto, non se trata dun logro recente do executivo actual, senón dun proceso xa en marcha dende hai anos.



En segundo lugar, a proposta presentada agora por Portos non recolle o solicitado por este Concello, pois deixa fóra terreos incluídos no acordo plenario aprobado por unanimidade, polo que o documento non resolve nin as necesidades nin as prioridades reais de Cariño.

CONCLUSIÓN

A día de hoxe seguimos sen respostas, sen avances reais e sen transparencia mínima que a cidadanía merece. E queremos que conste en acta que non imos permanecer en silencio ante a inacción nin a falta de vontade política.

Por que, despois de 46 días da manifestación do 12 de outubro, non houbo nin visitas técnicas nin resposta ás instancias nin á moción da oposición?

Cando vai comezar unha obra como o polideportivo que tiña que estar iniciada hai un ano?

Por que non se asina o convenio coas dietas mínimas que solicitaba a Federación Galega de Triatlón para poder traer unha Escola de Triatlón a Cariño?

Cando terá a biblioteca municipal atención técnica e programación estable?

Por que se despediu un xardiñeiro do pobo para contratar unha empresa de fóra?

E finalmente, por que non se está reclamando a Portos de Galicia a totalidade dos terreos aprobados por unanimidade neste pleneo? E que se vai facer co seu estado, quen vai asumir ese custo?

Se o goberno municipal non é quen de dar solucións, nin de ofrecer información, nin de atender ás peticións rexistradas pola Asociación Veciñal nin pola oposición, teremos que volver saír á rúa, como xa fixemos o pasado 12 de outubro, para reclamar o que é de xustiza para o noso pobo.

Porque Cariño merece servizos dignos, planificación real e un Concello que este á altura da súa xente”



E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos.

A Alcaldesa
Asdo:- Ana M^a Fernández López

A Secretaria
Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE